

Branca de neve vivía na cidade xunto co seu pai, madrasta e os seus medio irmáns xemelgos. O seu pai era un moi importante home de negocios, e pasaba moito tempo fora da casa. A nena criouse coa súa madrasta, coa que tiña unha moi boa relación, unha muller traballadora que intentaba ser a mellor nai para ela.

A nena foi crescendo e se volveu moi solitaria. Era alta, tan fraca que parecía que o vento a podía levar en calquera momento, e tiña a pel case tan branca coma o papel, xa que non saía da casa. Tiña intereses moi diferentes á xente da súa idade, gustáballe ir a refuxios de animais a coidar deles, xa que, dalgunha maneira, sentíase máis comprendida con eles que coa xente que lle rodeaba. No seu dezasete aniversario, o 31 de outubro, a súa nai suxeríulle ir a una festa de Samain cos seus irmáns. Ela non tiña ningún interese en ir á festa, non coñecía a ninguén e a súa relación cos seus irmáns non era moi boa. Aínda así, despois de ver a cara que lle puxo a súa nai, non puido dicir que non, xa que sabía que o facía polo seu ben.

Se a pobre Branca de neve soubera o que ía pasar esa noite...

Puxo uns pantalóns brancos e un xersei azul mariño e pintou os beizos de cor vermello paixón. Non usaba moito maquillaxe, nin tampouco o precisaba, xa que tiña a pel de porcelana, pero gustáballe pintar os beizos de cores, canto máis rechamantes mellor. Xa lista para saír, a súa madrasta deulle unha forte aperta e lle dedicou un sorriso no que se podía ler un “gracias por ir”. Subiu ao coche dos seus irmáns e estes arrancaron. Non intercambiou palabra con eles en todo o camiño, pero o silencio empezou a romper canto máis preto estaban da festa, escoitábase a música e a algarabía dos mozos. Ela comezou a sentir bolboretas por todo o seu corpo, non coñecía a ninguén e nunca asistira a unha festa, pero todos estes pensamentos desapareceron en canto sentiu o motor parar. Os xemelgos se xiraron cara ela, e díxéronlle que non ían andar cargando con una nena, que se buscara a vida para non quedar soa.

Baixou e os seus irmáns non esperaron por ela. Ficou queda durante uns minutos mirando todo: a xente, a casa, a decoración... Case sen decatarse, empezou a camiñar cara a porta, que xa estaba medio aberta. Ao abrila, un cheiro a suor, alcohol e tabaco golpeoulle. Seguiu camiñando, curiosa, até chegar á barra de bebidas. Ela nunca probara nada diso, pero eran de tantas cores que tiña ganas de bebelas todas. Un mozo de máis ou menos a súa idade, púxose ao seu carón, e lle ofreceu unha das bebidas, alegando que era a que mellor sabía. Branca miroulle aos ollos, de cor case tan verde coma a bebida, pelo marrón e un sorriso que a facía sentir coma se o coñecera de sempre. Comezou a beber e a falar co mozo, o cal lle facía rir, cousa que a ela lle gustaba. Un par de copas despois, el ofreceulle dar unha volta, e ela, que xa non podía usar o seus sentidos, aceptou, levada pola festa e polo alcohol.

Camiñaron durante bastante tempo, pero ela, que estaba agarrada ao mozo, non se dera de conta nin de a onde ían, pero remataron en medio dun bosque. A ela non lle pareceu raro, e tomou outro trago da nova bebida que lle ofrecera o chico de ollos verdes. Sentiu unha sensación estraña no seu corpo, coma se non o controlara. Dunha das árbores que tiñan preto, baixou un paxariño de cor vermello.

A Branca de neve lle encantaban os animais.

Dalgunha maneira, puido ver nos seus ollos unha mirada de pena, dicíndolle que saíra de alí. O paxaro saíu voando cando soaron unhas ramas romperse. Apareceron outros seis

mozos, que saudaron ao que estaba con ela entre risas e comentarios que ela non podía entender. Cada vez os escoitaba máis lonxe, e sentía como comezaban a tocala e a quitarlle a roupa. Ela, tirada no chan e case inconsciente, intentou defenderse, pero os seus esforzos foron en vano.

Chorou, por aceptar facer algo que ela non quería só porque era o esperado na xente da súa idade.

Chorou pola soidade que sentía.

Chorou aínda máis porque ninguén tiña dereito de botarlle nada na bebida, menos aínda a tocarlle cando ela non quería.

E sobre todo, chorou por verse nesa situación que sempre dicimos que “a mi non me vai suceder”. E seguiu chorando coma se a vida lle fora niso, porque aínda que o intentaba, non podía gritar e, pouco a pouco, toda a dor que sentía desapareceu, e ficou durmida para sempre xamais, sen príncipe azul que a poida salvar dese soño interminable.